



FICHA DE BOA PRÁCTICA

DATOS DE IDENTIFICACIÓN	Nome da boa práctica:
	Igualdade retributiva. Garantía de que non exista diferenzas salariais entre homes e mulleres por realizar as mesmas funcións.
	Entidade que a promove:
	Toldos Gómez
	Concello:
	Arzúa, Galicia

CONTEXTO. SITUACIÓN INICIAL

Toldos Gómez é unha empresa galega especializada no deseño, produción e instalación de sistemas de protección solar, téxtiles técnicos, e produtos industriais. Toldos Gómez detectou que existían posibles desigualdades salariais entre homes e mulleres que realizaban funcións similares, o que ía en contra dos seus principios de igualdade de oportunidades. Aínda que estas diferenzas non eran significativas en todos os niveis observouse que, en certos postos e categorías, as mulleres percibían salarios lixeiramente inferiores aos dos seus compañeiros homes, a pesar de ter as mesmas responsabilidades.

DESCRIPCIÓN DA BOA PRÁCTICA

Para abordar esta situación, a empresa revisou as súas táboas salariais e implementou mecanismos para garantir a igualdade retributiva. Seguindo o Real Decreto 902/2020 sobre igualdade retributiva, axustáronse os salarios cando foi necesario, asegurando que non existan diferenzas de remuneración por razón de xénero. A empresa tamén creou un sistema de transparencia salarial, no que se publican as bandas salariais para cada posto, promovendo a equidade e evitando calquera posible discriminación no futuro.

RESULTADOS OBTIDOS

Grazas a esta boa práctica, Toldos Gómez logrou eliminar as diferenzas salariais de xénero en todos os niveis. Os empregados, tanto homes como mulleres, perciben unha remuneración xusta e equitativa polo mesmo traballo, o que mellorou a motivación e a confianza na empresa. Ademais, a transparencia salarial ha xerado unha contorna de maior confianza entre os traballadores e consolidou o compromiso da empresa coa igualdade.